



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Didáctica. currículo e organización escolar	Código	652601001	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Profesorado	Mendez Garcia, Rosa Maria Rego Agraso, Laura	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es laura.rego@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito do sistema educativo.</p> <p>Didáctica, Currículo e Organización Escolar facilita a adquisición de coñecementos epistemolóxicos da Pedagogía, da Didáctica e da Organización Escolar, así como o desenvolvemento de habilidades e destrezas dacordo cunha intervención informada e comprometida coa atención á diversidade.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se tratarán están orientados ao estudo da escola como organización, á reflexión sobre o concepto de currículo, e á análise do proceso de ensino-aprendizaxe desde a súa planificación, desenvolvemento e avaliación.</p>			



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos

Non se realizarán cambios nos contidos da materia

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen

-Lecturas

-Portafolios do alumno/a (con atención personalizada e computa na avaliación)

-Sesión maxistral.

*Metodoloxías docentes que se modifican

-Proba mixta. Non se realizará e no seu lugar levarase a cabo unha ?Proba de solución de problemas? que para o alumnado que cumpra cos criterios de asistencia da docencia presencial impartida ata o momento, será de carácter grupal. Para o alumnado non asistente, a devandita proba será de carácter individual.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

- Correo electrónico. Diariamente para a resolución de dúbidas puntuais e, no caso de que o volume de correos así o requira, as consultas serán arquivadas e respondidas no horario de titorías establecido pola profesora. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados e do portafolios do alumno/a.

- Moodle. Repositorio de documentos de lectura (obrigatorios e adicionais). Publicación de indicacións para a realización do Portafolios do alumnado e a proba de Resolución de problemas. Publicación de cualificacións finais provisionais e definitivas. Poderán existir ?Foros de actividade específica? ou ? Foros temáticos asociados aos módulos? no caso de ser preciso.

- Microsoft Teams. A profesora estará dispoñible a través de Teams nos horarios oficialmente destinados á materia, tanto para a realización de actividades docentes como de titorías. Tamén se desenvolverán sesións de titoría de acordo aos horarios oficiais e opcionalmente a petición do alumnado en función das súas posibilidades de conectividade, así como sesións de revisión de traballos e cualificacións finais.

4. Modificacións na avaliación

Portafolios do alumnado (70%): Mantense esta metodoloxía nas mesmas condicións que se establecen na guía docente da materia.

Solución de problemas (30%): Para o alumnado que cumpre cos criterios de asistencia ás actividades presenciais realizadas ata o momento, a proba será de carácter grupal. No caso do alumnado que non cumpra con dita asistencia, a proba será de carácter individual.

Na mañá da data oficial fixada para a realización do exame da materia publicaranse na Moodle as características dun caso a analizar con base nunha serie de preguntas orientativas. A análise do caso implicará dar un tratamento global aos contidos abordados na materia. O alumnado disporá até o final dese día para resolver individualmente o problema e entregalo pola Moodle a través dunha tarefa que se abrirá para este fin. O documento debe ser realizado con letra de imprenta e poderá entregarse tanto nun formato de arquivo de texto (.doc, .docx, rtf, etc.) ou en .pdf. No caso de que o alumnado non teña as condicións necesarias para cumprir co requisito anterior, deberá comunicalo ás docentes o antes posible para poder realizar os axustes oportunos.

*Observacións de avaliación:

Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que o cómputo da asistencia, só se realizará respecto das sesións que houbo presenciais ata o momento no que se suspendeu a actividade presencial.

Para superar a materia será preciso aprobar as dúas partes que compoñen a avaliación (portafolios e proba de solución de problemas).

Na segunda oportunidade de avaliación a proba de solución de problemas será de carácter individual para todo o alumnado que teña que facer uso dela.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Todos os documentos de uso obrigatorio da materia estarán dixitalizados en Moodle.



Competencias do título

Código	Competencias do título
--------	------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
Comprender a terminoloxía básica, específica e propia da Didáctica, así como os conceptos pertencentes aos compoñentes didácticos do proceso de ensino e aprendizaxe, de modo que sexa capaz de reflexionar con rigor sobre os mesmos e orientar racionalmente a súa futura práctica docente.	AP3 AP9	CM4 CM6
Valorar críticamente as diferentes formas de interpretar a realidade educativa de acordo coas diferentes visións sobre a función social da escola, en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos. Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que circunda as aulas de educación secundaria.	AP1 AP3 AP9	CM4
Comprender as diferencias entre a planificación curricular e a programación do proceso de ensino-aprendizaxe. Distinguir os diferentes niveles de concreción curricular e as súas implicacións. Coñecer os diferentes elementos e modalidades de deseño curricular.	AP3 AP4 AP9	CM4 CM6
Coñecer e diferenciar os principios básicos e as características que fundamentan a articulación curricular na actualidade.	AP4 AP9	CM4 CM6
Diferenciar os distintos elementos curriculares. Utilizar diferentes criterios tanto para a análise de grupos, de formulación de obxectivos e de selección e secuenciación de contidos considerándoos como un corpo de coñecementos no marco dun proceso de construción e reconstrución progresivo.	AP3 AP4 AP5 AP9	CM4 CM6
Comprender o valor científico e pedagóxico da avaliación no campo do ensino, entendida como unha avaliación eminentemente educativa, formativa e formadora, así como afondar nas relacións entre avaliación, a investigación e a innovación.	AP3 AP4 AP9	CM4 CM6
Profundizar no coñecemento crítico e fundamentado da estrutura e funcionamento do Sistema Educativo.	AP9	CM4 CM6
Formalizar, sistematizar e integrar os saberes básicos da organización escolar, que permitan comprender a complexidade dos centros educativos, así como analizar e valorar críticamente a súa vida organizativa.	AP9	CM4 CM6
Coñecer algúns dos modelos máis relevantes da organización escolar e comprender a importancia do contexto organizativo no proceso de ensino-aprendizaxe.	AP9	CM4 CM6

Contidos

Temas	Subtemas
Módulo I. A participación, xestión e avaliación nos centros de ensino secundario.	- O organización do sistema educativo español. - As dimensións (organizativa, procesual, persoal, cultural e da contorna) dun centro educativo.
Módulo II. Funcións e concepcións do currículo.	- Os elementos do currículo. - As concepcións sobre o currículo: enfoques e elementos de análise. - O oculto e o manifesto da aprendizaxe escolar.
Módulo III. Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo.	- Do currículo prescrito ao currículo contextualizado: niveis de concreción curricular. - A planificación e o desenvolvemento do currículo. - A avaliación: tipos, obxectos e instrumentos.
Módulo IV. Modelos de ensino e metodoloxías didácticas.	- O concepto de didáctica. - Os modelos e métodos de ensino. - As estratexias metodolóxicas no ensino secundario. - Os materiais curriculares: tipos, selección, análise e uso.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A3 A4 A5 A9 C4 C6	4	22	26
Portafolios do alumno	A4 A5 C4 C6	10.5	34.5	45
Proba mixta	A1 A5 A9 C4 C6	1.5	8	9.5
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A5 A9 C4 C6	16	12	28
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Establécese unha serie de documentos (textuais, audiovisuais, etc.) de revisión obrigatoria (consúltense Fontes de Información) que serán a base de referencia sobre o tratamento dos contidos que se estudarán en torno aos diferentes núcleos temáticos da materia. O alumnado -previa lectura individual- deberá estar en capacidade de realizar a súa análise en pequeno grupo e grupo-aula. Ditas lecturas terán como obxectivo promover e incentivar a reflexión en torno aos procesos educativos escolares e a súas implicacións prácticas e aplicadas no contexto do centro educativo e no contexto aula.
Portafolios do alumno	<p>Durante o transcurso da materia proporáanse algunhas actividades de aula especificamente deseñadas para a análise en pequeno grupo dalgúns dos documentos máis relevantes. A realización destas actividades iniciárase na aula e será completada mediante o traballo autónomo do alumnado fóra da aula.</p> <p>Para esta elaboración atenderase ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora aos diferentes grupos, ben nas sesións interactivas, ben en titorías. Tendo en conta que esta materia se vai impartir seguindo un modelo híbrido, existe a posibilidade de que estas actividades sexan titorizadas a través da aplicación Microsoft Teams.</p> <p>Para a realización destas análises tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia como outros complementarios, propostos polo alumnado ou a profesora. Os documentos resultantes da análise entregaranse nas datas que a profesora indique previamente a través da plataforma Moodle.</p> <p>O alumnado, en pequeno grupo, deberá elaborar un portafolios que conteña unha análise crítica e reflexión global das devanditas actividades de aula, así como dos documentos obrigatorios e outros que o alumnado e a profesora consideren oportunos. As reflexións sobre os apartados que se integren deberán estar fundamentadas e argumentadas con base nos contidos da materia.</p> <p>Ao inicio do curso proporcionarase un guión pormenorizado do portafolios e este desenvolverase fundamentalmente en periodos non presenciais e mediante o traballo autónomo do alumnado. A través da atención personalizada da profesora, os diferentes grupos recibirán indicacións concretas para a realización. O portafolios resultante será entregado na data que a profesora indique previamente a través plataforma Moodle.</p>
Proba mixta	A proba mixta constituirá unha actividade final a través da cal o alumnado deberá dar resposta a unha ou varias cuestións relacionadas coa totalidade de contidos tratados ao longo da materia.



Sesión maxistral	Mediante as sesións maxistras traballaranse os contidos que conforman o marco teórico-práctico a partir da exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas. Tendo en conta que esta materia se vai impartir seguindo un modelo híbrido, existe a posibilidade de que estas sesións maxistras sexan gravadas e postas a disposición do alumnado a través da Moodle da materia.
------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Proba mixta Portafolios do alumno	<p>As dúbidas e demandas de orientación que xurdan das sesións expositivas, análise de fontes documentais, lecturas, actividades e preparación do exame, serán atendidas pola profesora da materia durante o horario de titorías fixado de forma oficial.</p> <p>De maneira máis específica, e no marco das sesións interactivas, a profesora ofrecerá atención personalizada mediante a que levará o seguimento e orientación das actividades que se realicen ao longo do cuadrimestre.</p> <p>Esta proposta de atención personalizada é extensible ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa.</p> <p>As titorías individuais poderán ser tanto virtuais como presenciais, mantendo, neste caso, as debidas medidas de seguridade. As titorías grupais serán virtuais a través de M. TEAMS.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A5 A9 C4 C6	A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia. Esta proba mixta poderá verse concretada nunha proba tipo test en función das necesidades docentes ou do alumnado.	30
Portafolios do alumno	A4 A5 C4 C6	<p>Para avaliar o portafolios teranse en conta aspectos ligados á estrutura e contido deste.</p> <p>a) Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e seguimento de normas de citación-referenciación.</p> <p>b) Contido: comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuadrimestre así coma outras de interese e a adecuada xestión das mesmas.</p> <p>* A cualificación final deste traballo poderá ser diferente para cada integrante do pequeno grupo. Unha parte da puntuación responderá ao traballo que se realice de modo grupal e outra ao traballo individual.</p> <p>* Ademais, para matizar a cualificación do portafolios valorarase o traballo realizado polo alumnado a nivel de pequeno grupo ao longo de todo o curso.</p>	70

Observacións avaliación



Nas presentacións orais ou escritas deberase atender a criterios de integridade académica (xestión adecuada de referencias bibliográficas e información de terceiras persoas); ademais procurarse o uso dunha linguaxe non discriminatoria. A asistencia ás sesións non poderá ser inferior ao 80% das horas que se impartan de maneira presencial, tendo en conta o modelo híbrido no que se circunscribe esta materia. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa, deberá entregar as actividades e o portafolios no mesmo tempo e forma que o resto do alumnado e resolvelas de modo individual. Se un/unha alumno/a cuxa asistencia é regular non acude á clase o día de realización dalgunha actividade, deberá desenvolvela e entregala individualmente. Esta incorporárase tamén ao portafolios. O portafolios entregarase na data que se indique ao inicio do curso. Coa fin de facilitar a xestión da materia e o seguimento do alumnado será obrigatoria -antes da segunda semana lectiva- a actualización do perfil persoal da plataforma Moodle, insertando unha foto actual. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación mínima do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación ("portafolios do alumno" e "proba mixta"). Dado que a materia é impartida por diferentes docentes, poderán existir variacións intergrupais no formato do exame final, no tipo de actividades de aula e na orde de presentación de contidos. Na 2ª oportunidade os criterios de avaliación serán os mesmos que os propostos para a 1ª oportunidade.

Fontes de información



Bibliografía básica

NOTA: Esta bibliografía é susceptible a modificacións a medida que avanza o curso académico. Realizarase unha selección de títulos da listaxe final, selección que estará dispoñible na Moodle e que será de lectura obrigatoria.

Álvarez, J.M. (1999). *Evaluar para conocer, evaluar para aprender: las razones formativas de la evaluación educativa*. En J.M. Álvarez, *Evaluar para conocer. Examinar para excluir* (pp. 58-61). Madrid: Morata.

Area, M. (2009). *Los medios de enseñanza o materiales didácticos. Conceptualización y tipos. Introducción a la tecnología Educativa*, 24-37. Recuperado de <http://www.bibliotecaibre.org/bitstream/001/415/5/Introducci%C3%B3n%20a%20la%20tecnolog%C3%ADa%20educativa.pdf>

Bain, K. (2007). *Lo que hacen los mejores profesores de universidad*. [Traducido por Oscar Barberá]. Valencia: Uniersidad de Valencia.

Bain, K. (2014). *Lo que hacen los mejores estudiantes de universidad*. [Traducido por Oscar Barberá]. Valencia: Uniersidad de Valencia.

Barcia Moreno, M. (2007). *Niveles de concreción curricular*. En R. Navarro Hinojosa (coord.) (2007). *Didáctica y currículum para el desarrollo de competencias* (pp.185-210). Madrid: Dykinson.

Barkley, E. F., Cross, K. P. e Howell, C. (2007). *Técnicas de aprendizaje colaborativo*. Madrid: Morata.

Bravo Garrido, A. (2007). *El currículo como campo de estudio y aplicación de la didáctica*. En R. Navarro Hinojosa (coord.) (2007). *Didáctica y currículum para el desarrollo de competencias* (pp. 155-184). Madrid: Dykinson.

Cortina, A. (2009). *Ética de la razón cordial. Educar en la ciudadanía en el siglo XXI*. Oviedo: Nobel.

Darling-Hammond, L. (2005). *El derecho de aprender. Buenas escuelas para todos*. Barcelona: Ed. Ariel.

Delors, J. (1996). *La educación encierra un tesoro. Informe a la UNESCO de la Comisión internacional sobre la educación para el siglo XXI*. Madrid: Santillana/UNESCO.

Díez Gutiérrez, E.J. (2018). *Neoliberalismo educativo. Educando al nuevo sujeto neoliberal*. Barcelona: Octaedro.

Escudero Muñoz, J.M. (2011). *Dilemas éticos de la profesión docente*. *CEE Participacion Educativa*, 16, 93-102.

Espín, J. e outros (1996). *Análisis de recursos educativos desde la perspectiva no sexista*. Barcelona: Laertes.

Fernández Navas, M. e Alcaraz Salarirche, N. (Coords.) (2016). *Innovación educativa. Más allá de la ficción*. Madrid: Ed. Pirámide.

Fuentes, E.J. (2003). *Culturas profesionales en la enseñanza y desarrollo profesional de los docentes*. *Revista Padres y Maestros*, 279, 34-39.

Jimeno Sacristán, J. (1998). *El currículo: una reflexión sobre la práctica*. Madrid: Morata.

González, M^a. T. (1992). *Centros escolares y cambio educativo*. En J.M. Escudero e J.López (Coords.), *Los desafíos de las reformas escolares. Cambio educativo y formación para el cambio* (pp. 71-95). Sevilla: Arquetipo.

González, M^a. T. (1999). *Perspectivas teóricas recientes en organización escolar: un panorama general*. En J.M. Escudero, *Escuelas y profesores: ¿hacia una reconversión de los centros y la función docente?* (pp.35-59). Madrid: Ediciones Pedagógicas.

González, M^a. T. (2003) (coord.). *Las organizaciones escolares: dimensiones y características*. En M. T. González, *Organización y gestión de centros escolares* (pp. 25-38). Madrid: Pearson.

Gutiérrez, E. (2020). *La educación en venta*. Barcelona: Octaedro.

Hargreaves, A. e Fullan, M. (2014). *Cultura y comunidades profesionales*. En A. Hargreaves e M. Fullan, *Capital profesional* (pp. 134-177). Madrid: Morata.

Hargreaves, A. e Fullan, M. (2014). *Instaurar el cambio*. En A. Hargreaves e M. Fullan, *Capital profesional* (pp. 178-216). Madrid: Morata.

Hayes, Debra et al. (2017). *Literacy, Leading And Learning. Beyond Pedagogies Of Poverty*. Abingdon, UK: Routledge - Taylor & Francis Group.

López, L., Peliquin, F., Pérez, C. e Rodeiro, M. (1995). *Análise e valoración de materiais curriculares*. *Revista Galega de Educación*, 24, 58-60.

Luri, G. (2020). *La escuela no es un parque de atracciones*. Barcelona: Ariel.

Martínez, J. (1995). *Interrogando al material curricular (Guión para el análisis y la elaboración de materiales para el desarrollo del currículum)*. En J. G. Mínguez e M. Beas (Comps.), *Libros de texto y construcción de materiales curriculares* (pp. 221-245). Armilla: Proyecto Sur de Ediciones.

Monarca, H. (2015). *Evaluaciones externas. Mecanismos para la configuración de representaciones y prácticas en educación*. Buenos Aires: Miño y Dávila Editores.

Montanero, M. (2019). *Didáctica General. Planificación y práctica de la enseñanza primaria*. Cáceres: Universidad de Extremadura.

Navarro Hinojosa, R. (Coord.) (2007). *Didáctica y currículum para el desarrollo de competencias*. Madrid: Dykinson.

Olivé, C. (2020). *Profes Rebeldes. El reto de educar a partir de la realidad de los jóvenes* [Traducción de Maria Massot Magarolas]. Madrid: Grijalbo.

Parcerisa, A. (1996). *Propuesta de un instrumento para el análisis de libros de texto y otros materiales que utilizan el papel como soporte*. En A. Parcerisa Arán, *Materiales curriculares. Cómo elaborarlos, seleccionarlos y usarlos* (pp.97-124). Barcelona: Graó.

Paricio, J., Fernández, A. e Fernández, I. (2019). *Cartografía de la Buena docencia universitaria*. Madrid: Narcea.

Pérez Pueyo, A. (Coord.) (2015). *Programar y evaluar competencias básicas en 15 pasos*. Barcelona: Graó.

Rizvi, F. e Lingard, B. (2013). *Políticas educativas en un mundo globalizado*. Madrid: Morata.

Ruiz Martín, H. (2020). *¿Cómo aprendemos? Una aproximación científica al aprendizaje y la enseñanza*. Barcelona: Graó.

Santos Guerra, M.A. (2020). *¿Para qué sirven los pedagogos? El valor de la educación*. Madrid: Catarata.

Sarramona, J.



(2000). Teoría de la educación: reflexión y normativa pedagógica. Barcelona: Ariel. Trillo, F. (1994). El profesorado y el desarrollo curricular: tres estilos de hacer escuela. Cuadernos de Pedagogía , 228, 70-74. Trillo, F. e Sanjurjo, L. (2008). Didáctica para profesores de a pie. Propuestas paracomprender y mejorar la práctica. Rosario: Homo Sapiens. Vázquez Recio, R. (Coord.)(2018). Reconocimiento y bien común en Educación. Madrid: Ed. Morata. Williamson, B. (2019). El futuro del curriculum. La educación y el conocimiento en la era digital. Madrid: Ed. Morata. Wright-Maley, C. e Davis, T. (2016). Teaching for democracy in an age of economic disparity. Abingdon, UK: Routledge - Taylor & Francis Group. Lexislación Lei Orgánica8/2013, para a mellora da calidade educativa (BOE, suplemento en lingua galega ao nº 295, 10/12/2013). Versión on-line consultada en http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf Lei Orgánica2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE nº106, 04/05/2006). Versión on-line consultada en <http://www.boe.es/boe/dias/2006/05/04/pdfs/A17158-17207.pdf> Decreto86/2015 , do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia (DOG nº 120, 29/06/2015). Versión on-line consultada en http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/content_type/news/2015/06/30/00_decreto_completo.pdf Decreto324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de ensino secundario (DOG nº 156, 09/08/1996). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19960809/Anuncio90AA_es.html Decreto1333/2007 de 5 de xullo polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia . (DOG nº 136, 13/07/2013). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.ED_7.pdf Decreto126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº120, 23/06/2008). Versión on-line consultada en <http://ciug.cesga.es/PDF/ReferenciasLegais/Decreto126-2008curriculoBacharelatoLOEGalicia.pdf> Orde do 29 de outubro de 1996 pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e educación de adultos (DOG nº215, 04/11/1996). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19961104/AnuncioB14E_gl.html Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG nº168, 02/09/1998). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970902/AnuncioA14A_gl.html Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº4, 07/01/2008). Versión on-line consultada en http://www.edu.xunta.es/centros/iessanpaio/system/files/080107DOG_RegulacionAvaliacionESO.pdf Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº121, 24/06/2008). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20080624/Anuncio29FEA_gl.html Orde do 20 de abril de 2010, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008 , pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 77, 26/04/2010). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100426/Anuncio11916_gl.html Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa (DOG nº 105, 01/06/2011). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110601/AnuncioC3F1-100511-1447_gl.html Corrección de erros. Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa (DOG nº 144, 28/07/2011). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110728/AnuncioC3F1-220711-4737_gl.pdf Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 136, 21/07/2015). Versión on-line consultada en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20150721_materias_libre_configuracion.pdf Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 147, 04/08/2016). Versión on-line consultada



en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20160804_libre_configuracion_1.pdf). Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 156, 18/08/2017). Versión on-line consultada en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20170818_libre_configuracion_1.pdf. Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 165,30/08/2018). Versión on-line consultada en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20180830_libre_configuracion_0.pdf. Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. Versión on-line consultada en <http://www.edu.xunta.es/web/node/328>



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Innovación docente/652601E11

Practicum/652601106

Traballo fin de Mestrado/652601107

Observacións

Coa finalidade de contribuir ao desenvolvemento das competencias dixitais docentes (especialmente vinculados coa Alfabetización Informacional -ALFIN- e a curación e produción de contidos dixitais) dende esta materia recoméndase ao alumnado a construción dun banco de recursos dixitais persoal no que poida organizar e categorizar material de interese para o desenvolvemento da materia (artigos científicos, experiencias, ferramentas e aplicacións didácticas, páxinas web institucionais vinculadas coa educación escolar, blogues especializados e de boas prácticas, etc). Recoméndase para iso, o uso de marcadores sociais ou aplicacións dixitais específicas que lles permitan categorizar ou asignar etiquetas coas que mellorar a súa clasificación e consulta posterior. Todo iso resultarlle de gran interese á hora de contrastar a teoría e a práctica educativa mediante o Practicum do Mestrado, así como para construír a fundamentación teórica do futuro Traballo Fin de Mestrado (TFM). Recoméndase que a entrega dos traballos sexa feita a través da plataforma Moodle e -de non ser posible- non empregar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e débense previr impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Ante a incorporación de ?Igualdade de Xénero? como materia de libre configuración autonómica no curso 2016/2017 na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria(ESO) e a materia ?Coeducación para o século XXI? na etapa de Bacharelato no 2018/2019, na materia de Didáctica, Currículo e Organización Escolar tratarán de desenvolverse obxectivos, contidos e actividades tendentes á formación do futuro profesorado en cuestións relativas á concienciación sobre aviolenza de xénero, a igualdade entre mulleres e homes e a coeducación. Debido a isto, recoméndase ao alumnado, empregar unha linguaxe inclusiva, contemplar a perspectiva feminista nos seus traballos e entregas de aula e evitar a manifestación de calquera tipo de discriminación, prexuízo ou minusvaloración por razón de xénero no contexto desta materia.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías